



CRITERIOS PARA PROMOCIONAR CUN ÁMBITO SUSPENSO NA ESA

Unha alumna ou alumno promocionará na ESA cun ámbito suspenso na avaliación extraordinaria sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
- b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno conforme aos criterios establecidos por parte do centro no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

Considérase abandono da materia:

- Deixar os exames en branco ou non responder con coherencia ás preguntas ou exercicios propostos na proba.
- A inasistencia continuada e non xustificada debidamente ás titorías lectivas (1 sesión semanal na ESA semipresencial e as sesións establecidas para cada ámbito no caso da ESA presencial) por parte da alumna ou alumno (tomando como referencia a porcentaxe de faltas permitida pola lexislación para a avaliación continua).

c) Que a alumna ou alumno se presentou a todas as probas oficiais fixadas polo centro, respondendo a todas as partes que as compoñen e realizou/entregou en tempo e forma todas as actividades (publicadas na aula virtual ou no medio que o profesorado estableza) necesarias para a súa avaliación, incluíndo tamén a convocatoria extraordinaria.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todos os ámbitos nos que estea matriculada/o sexa igual ou superior a cinco.

Asinado dixitalmente.

Amalia Vázquez Vázquez.